



004645 21.06.2010 09:37

## RESOLUCIÓN REITORAL DO 14 DE XUÑO DE 2010 POLA QUE SE AUTORIZA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS E O PRACTICUM DA LICENCIATURA DE DEREITO EN DEPENDENCIAS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A Universidade de Santiago de Compostela desexa proporcionar aos alumnos que se van titular a posibilidade dunha formación práctica tendente a familiarizalos cos procesos e actividades que terán que desenvolver nun futuro próximo no ámbito dos seus respectivos traballos.

Varios centros xa tiñan unha autorización para a realización de prácticas ou practicum en centros administrativos da USC.

Con esta Resolución preténdese unificar as unidades ou servizos nos que os alumnos poden realizar prácticas, consolidando a oferta da Universidade ou establecendo unidades pilotos para analizar posteriormente a experiencia e, de ser a experiencia proveitosa, realizárase unha nova autorización definitiva para os vindeiros cursos.

En virtude do anterior esta Reitoría, **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Autorízase que os alumnos da Licenciatura e grao de Dereito realicen o Practicum nas dependencias da Asesoría Xurídica da propia Universidade. Este Servizo acollerá durante o curso a 6 alumnos como máximo en períodos non coincidentes cos alumnos do título propio de especialización en avogacía, procuradoría e práctica xurídica da USC.

Autorízase que 2 alumnos da Diplomatura e Grao de Enfermería/ Licenciatura e Grao en Medicina realicen prácticas no Servizo de Vixilancia da Saúde da USC.

**SEGUNDO.-** Autorízase a seguinte oferta de prazas para alumnos da USC que poderían realizar prácticas de empresa na propia USC, como experiencia piloto:

- Servizo de Xestión Académica: 1 alumno da área xurídico-social (Dereito, Políticas RR.LL) ou de informática.
- Servizo de Prevención de Riscos: 1 alumno do "master de prevención de riscos laborais e saúde medioambiental"
- Centro de Linguas Modernas:

	Santiago	Lugo	Total
Filoloxía Hispánica	1	1	2
Filoloxía Galega	1	----	1
Filoloxía Francesa	1	1	2

A adscrición dos alumnos farase polos procedementos de adscrición de prácticas en empresas das titulación, en coordinación entre os responsables das prácticas e os responsables dos servizos ou unidades.

**TERCEIRO.-** Os servizos ou unidades deberán nomear un titor que será o responsable do seguimento das prácticas e que deberá emitir informe final sobre as mesmas e propoñer as medidas de mellora que estime conveniente. Este informe servirá como certificación da realización das practicas dos estudantes

**CUARTO.-** Ao remate de cada período de Prácticas alumnos e alumnas deberán elaborar unha memoria final sobre o traballo realizado.

**QUINTO.-** Os profesionais dos servizos e unidades orientarán e asesorarán individualmente a cada estudante de xeito que se facilite a súa aprendizaxe nese contexto específico a través de diversas actividades facilitando a participación nos procesos de traballo que estean a realizar.



Tamén deberán facer un seguimento formativo do alumnado que titoriza, artellando a fórmula máis axeitada para que a experiencia resulte beneficiosa para ambos e emitir informe de aproveitamento do alumnado segundo os criterios fixados polos responsables universitarios das prácticas ou do Practicum.

**SEXTO.-** A realización destas prácticas non supón ningún tipo relación laboral, e estas non serán de ningún xeito retribuídas. O alumnado respectará en todo momento a actividade profesional do persoal da USC así como a confidencialidade dos asuntos de que coñezan e o máximo respecto coas persoas coas que establecen relación e cos recursos que utilicen. Na realización das prácticas os alumnos estarán cubertos polo seguro escolar.

**SETIMO.-** Esta resolución será definitiva para o Practicum da Facultade de Dereito dos cursos. Para as outras titulacións será necesario unha nova autorización expresa e explícita cada dous anos, sen que se entenda automaticamente renovada a presente Resolución. Na nova Resolución poderán incorporarse novas unidades ou servizos, así como novas titulacións.

Santiago de Compostela, 14/06/10

O Reitor



Senén Barro Ameneiro